

Modalidade	Cota ¹			Servizos ²				Cota ²
	COAG Bonificación	COAG Importe	CSCAE Importe	Apoio Desenvolvemento Profesional (S.1)	Asesoramento (S.2)	Utilidades Técnicas (S.3.1)	Correo electrónico ³ (S.3.2)	Agrupacións colexiais
Básica	-	196 €	35 €	- Formación - Biblioteca, Libros, Prensa - Concursos 80 €	- Asesoramento Técnico Edificación - Asesoramento Técnico Urbanismo - Asesoramento Xurídico 95 €	- Utilidades Redacción Traballos - Catálogo de Normativa Técnica 48 €	- email profesional @coag.es 43 €	- Afiliación á Agrupación de Peritos e Forenses 30
1º ano de colexiación⁴ (Cota bonificada)	40%	117,60 €	35 €	✓ Formación ✓ Biblioteca, Libros, Prensa ✓ Concursos	✓ Asesoramento Técnico Edificación ✓ Asesoramento Técnico Urbanismo ✓ Asesoramento Xurídico	✓ Utilidades Redacción Traballos ✓ Catálogo de Normativa Técnica	✓ email profesional @coag.es	- Afiliación á Agrupación de Peritos e Forenses 30 €
Desempregado (Cota bonificada)	40%	117,60 €	35 €	✓ Formación ✓ Biblioteca, Libros, Prensa ✓ Concursos	- Asesoramento Técnico Edificación - Asesoramento Técnico Urbanismo - Asesoramento Xurídico 95 €	- Utilidades Redacción Traballos - Catálogo de Normativa Técnica 48 €	- email profesional @coag.es 43 €	- Afiliación á Agrupación de Peritos e Forenses 30 €
Ao servizo da administración pública con dedicación exclusiva (Cota voluntaria)	40%	117,60 €	-	✓ Formación ✓ Biblioteca, Libros, Prensa		✓ Catálogo de Normativa Técnica	- email profesional @coag.es 43 €	
Xubilado (Cota voluntaria)	40%	117,60 €	-	✓ Formación ✓ Biblioteca, Libros, Prensa		✓ Catálogo de Normativa Técnica	- email profesional @coag.es 43 €	
Colexiado de Honra (Cota bonificada)	100%	-	-	✓ Formación ✓ Biblioteca, Libros, Prensa ✓ Concursos	✓ Asesoramento Técnico Edificación ✓ Asesoramento Técnico Urbanismo ✓ Asesoramento Xurídico	✓ Utilidades Redacción Traballos ✓ Catálogo de Normativa Técnica	✓ email profesional @coag.es	
Sociedade	-	95 €	-				- email profesional @coag.es 43 €	

Descostos adicionais nos paquetes de servizos voluntarios: A subscrición de 1 paquete de servizos implica un desconto do 10%, de 2 paquetes de servizos do 25%, de 3 paquetes de servizos un 35% e de 4 paquetes de servizos un 40%.

- Servizo opcional
- ✓ Servizo incluído sen custe

¹ Importes exentos de IVE

² Importes a incrementar co IVE correspondente

³ O servizo de correo pode ser subscrito por colexiados e sociedades e inclúe unha única conta @coag.es

⁴ Aqueles que se colexien por primeira vez e se incorporen ao COAG: Se a incorporación tivese lugar fora do período de configuración ordinario, terán, segundo o momento no que se colexien, os seguintes descontos na cota e servizos do ano seguinte:

1º trimestre: 10% e 25%, 2º trimestre: 20% e 50%, 3º trimestre: 30% e 75%, 4º trimestre: 40% e 100%

ÍNDICE

COTA BÁSICA (COTA COAG E COTA CSCAE)

COTAS VOLUNTARIAS

COTAS BONIFICADAS

COTAS DE AGRUPACIÓNS INTEGRADAS NO COAG: COTA AAPF

RELACIÓN DAS DEFINICIÓNS E DESCRICIÓNS DOS SERVIZOS COLEXIAIS VOLUNTARIOS

OUTROS SERVIZOS: EMISIÓN DE CERTIFICADOS, ACCESO A DOCUMENTACIÓN ARQUIVADA E XESTIÓN DE COBRO

COTA BÁSICA

A Lei 2/1974 de Colexios Profesionais, no seu artigo 3 indica que quen ostente a titulación requirida e reúna as condicións sinaladas estatutariamente terá dereito a ser admitido no Colexio Profesional que corresponda. Tamén indica que será requisito indispensable para o exercicio das profesións atoparse incorporado ao Colexio Profesional correspondente cando así o estableza unha lei estatal.

Conforme ao anterior, o COAG establece unha cota básica de colexiación que consiste no importe a abonar con carácter anual ao COAG por aqueles arquitectos que figuren como colexiados no mesmo.

A COTA BÁSICA comprende a COTA COAG e a COTA CSCAE

1. COTA COAG

É o importe da cota fixa que se adica a financiar a estrutura básica do COAG, a cal desenvolve os fins e funcións colexiais. Esta cota fixa será igual para todos os arquitectos incorporados ao COAG como colexiados, sen prexuízo das reducións que a Xunta Xeral poida acordar para colexiados durante os primeiros anos de exercicio profesional.

Os **fins** do COAG son os que figuran no Art. 5 dos seus Estatutos:

- a) Procurar o perfeccionamento da actividade profesional dos arquitectos ao servizo da sociedade.
- b) Ordenar o exercicio profesional no marco das leis.
- c) Mirar pola observancia da deontoloxía da profesión e polo respecto debido aos dereitos dos cidadáns.
- d) Representar con exclusividade a nivel institucional a profesión, atendendo á súa colexiación obrigatoria e defender os intereses xerais da profesión, en particular nas súas relacións cos poderes públicos.
- e) Defender os dereitos e intereses profesionais dos seus membros.

- f) Realizar as prestacións de interese xeral propias da arquitectura e do urbanismo que considere oportunas ou que lle encomenden os poderes públicos conforme a lei.
- g) Protexer os intereses dos clientes e usuarios dos servizos profesionais dos seus colexiados.

As **funcións** do COAG son as que figuran no art. 6 dos seus Estatutos, e que comprenden as funcións de Rexistro, Representación, Servizo, Arquivo e de Organización.

2. COTA CSCAE

Os [Estatutos Generales de los Colegios Oficiales de Arquitectos y su Consejo Superior](#) no seu artigo 67 indica que, entre outros, un dos recursos económicos do Consejo Superior de Colegios de Arquitectos de España (CSCAE) son as aportacións dos Colexios en proporción ao número dos seus membros.

O CSCAE é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade cuxo réxime se establece nos seus Estatutos, que integra a todos os Colexios de ámbito autonómico e aos Consellos Autonómicos de Colexios.

No ámbito de actuación nacional e internacional que lle é propio, son fins esenciais do Consejo Superior no exercicio das funcións que lle corresponden con arranxo á lexislación vixente:

- a) Representar e defender unitariamente á profesión e aos seus Colexios e Consellos Autonómicos.
- b) Coordinar a actuación dos seus membros na realización dos seus fins esenciais e comúns e nas súas relacións con aquelas entidades de prestación de servizos creadas, promovidas ou participadas polos Colexios, os Consellos Autonómicos ou o propio Consello.
- c) Garantir, con ocasión do exercicio das súas propias funcións, e procurar en todo caso a igualdade de trato dos arquitectos e a súa liberdade de exercicio en toda España dentro do marco que establecen as disposicións legais vixentes.
- d) Fixar a normativa deontolóxica xeral da profesión de Arquitecto.

Por outra parte, o CSCAE ofrece, entre outros, os seguintes servizos a todos os colexiados nos Colexios de Arquitectos de España:-

- **Carné colexial para profesionais da arquitectura en España:** o CSCAE pon a disposición de todos os arquitectos colexiados en España un carné en formato dixital. Para acceder á plataforma dixital do carné, basta con introducir o número de rexistro que o CSCAE asigna aos arquitectos coa colexiación e que se pode atopar no portelo único da web do Consello, no apartado de arquitectos. Para máis información, pódese consultar o seguinte [ENLACE](#)
- **Libro de Ordes dixital:** presta as mesmas ou máis garantías que o de papel. É moderno, seguro, de fácil manexo e, o máis importante, acaba con unha incoherencia: toda a tramitación do proxecto e da dirección de obra realízase de maneira dixital e, sen embargo, o último trámite faise en papel. Para máis información, pódese consultar o seguinte [ENLACE](#)

Servizos colexiais incluídos na cota básica.

Representación institucional

O Colexio representa ao colectivo de arquitectos ante o CSCAE, administracións, institucións, entidades e particulares en todas aquelas funcións representativas e de defensa da profesión.

Acceso á tramitación de visado e rexistro e custodia.

A colexiación no COAG, salvo nos caso de cotas voluntarias, permite o exercicio da profesión de arquitecto en todo o territorio español.

Servizo de información profesional

A través deste servizo os colexiados teñen á súa disposición, clasificada tematicamente, información relacionada coa profesión, a través de cotas colexiais e servizos complementarios por diversos medios (circulares colexiais, boletíns informativos, noticias no portal corporativo colexial, redes sociais, asembleas informativas, etc.)

Acceso ao panel de servizos do portal corporativo colexial (web)

Ademais de servir de medio de información, a páxina web funciona como portelo único permitindo aos colexiados que realicen a maioría dos trámites colexiais relacionados co seu exercicio profesional, a través dun único punto, por vía electrónica e a distancia. Entre outros, os servizos dispoñibles, son os seguintes:

- Acceso á plataforma de consultas colexial, que comprende as seguintes modalidades de consultas:
 - Colexión e Secretaría.
 - En relación coa tramitación de traballos profesionais:
 - Visado/Rexistro en xeral: para o relacionado coa tramitación colexial, que é consonte á Guía de tramitación de traballos profesionais, e a tramitación administrativa elemental (obras de edificación vs ordinarias, licenzas e comunicacións previas, obras para actividade, primeira ocupación).
 - Visado/Rexistro de expedientes: para o relacionado cunha retención ou a tramitación colexial e administrativa elemental dun expediente existente.
 - Consulta de datos económicos.
 - Formación.
 - Biblioteca.
 - Reclamacións ou suxestións.
- Actualización de datos.
- Certificacións electrónicas de colexiación. Os certificados de colexiación emítense automaticamente en calquera momento que o colexiado o necesite, incorporando un código de verificación electrónica que permite a calquera entidade particular ou pública verificar a súa autenticidade.
- Relacións e certificado de traballos profesionais tramitados, ou en caso de non ter traballos presentados, unha certificación negativa.

- Servizo de participación telemáticas en Xuntas Xerais
- Inscripción en listas de peritos
- Inscripción en convocatorias e bolsas de emprego.
- Presentar reclamación e suxestións.

Servizo de consultas en protección de datos

Desde o 25 de maio de 2018 é plenamente aplicable o “Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos)” (RGPD) que unifica e actualiza a normativa europea sobre protección de datos, reforzando os dereitos dos cidadáns sobre os seus datos persoais. Co obxecto de facilitar aos colexiados información e referencias que lles permitan valorar que supón a aplicación do RGPD nos estudos de arquitectura, habilitouse un novo ámbito de consultas telemáticas sobre a aplicación do RGPD, a través do que os colexiados poderán formular as súas dúbidas respecto da aplicación do regulamento, as cales serán atendidas polo Delegado de Protección de Datos do COAG.

Formación

25 % DE BONIFICACIÓN mínima sobre o importe de matrícula ordinaria en CURSOS PROPIOS

Xornadas de asesoramento

Xornadas formativas sobre os aspectos prácticos derivados das principais novidades normativas: Xornadas nas que se explicarán os aspectos máis relevantes e as novidades que, dende o punto de vista práctico, supoñen para o exercicio profesional do arquitecto.

Servizo de deontoloxía

O obxecto deste servizo é o de prestar apoio para ordenar o correcto exercicio profesional no marco das Leis vixentes, velar pola observancia da deontoloxía no exercicio da profesión e o respecto debido aos dereitos dos cidadáns, evitar o intrusismo profesional, así como velar pola ética e a dignidade da mesma.

Directorio de arquitectos e sociedades profesionais

Desde a Secretaría colexial elabórase un directorio de arquitectos e sociedades profesionais colexiados dispoñible no portal corporativo colexial, co obxecto de facilitar o contacto da sociedade co colectivo de arquitectos habilitados para o exercicio profesional.

Servizo de comunicación aos axentes implicados de cesamentos de arquitectos en traballos profesionais.

Os Estatutos colexiais, no seu Art. 16.3, k), establece como unha obriga dos colexiados a de *“poñer en coñecemento inmediato do COAG o seu cesamento en calquera traballo profesional en curso de realización.”*

Os colexiados deberán realizar as comunicacións de cesamento, accedendo co seu usuario e contrasinal web, ao panel de servizos colexial e seguindo as indicacións que figuran no propio enlace: <https://www.coag.es/profesion/xestionscolexiais/visado/consultarenprevio.aspx>

Neste sentido, cando o Colexio reciba a comunicación relativa ao cesamento no encargo da dirección dunha obra en curso de execución, o Colexio realizará unha serie de comunicacións: un oficio ao Concello correspondente, facendo constar que o director de obra cesou nas súas funcións, por producirse o cesamento do arquitecto que levaba a dirección da obra, o que se comunica para os efectos legais oportunos. Nos mesmos termos, o Colexio dirixirase ao promotor da obra.

Por outra banda, no caso de que a obra conste con director de execución, remitirase comunicación ao Colexio de Aparelladores correspondente, para que registre o cesamento do director de obra e deixe constancia no expediente correspondente

Ditas comunicacións, realizaranse polos seguinte medios e nas condicións que se indican:

- Comunicación ao Concello: o Colexio procederá a presentala a través da sede electrónica correspondente ou medio electrónico similar. A xestión colexial será gratuíta.
- Comunicación ao Colexio de aparelladores correspondente: o Colexio procederá a realizar a comunicación por correo electrónico ou medio electrónico similar. A xestión colexial será gratuíta.
- Comunicación ao promotor, realizaranse na condicións que se determinen no apartado de Outros servizos colexiais.

Por último, indícase que en ningún caso, as comunicacións que realice o Colexio exoneran ao colexiado cesante de realizar as comunicacións que, no su caso, deba realizar por si mesmo a efectos contractuais.

COTAS VOLUNTARIAS

Poderán igualmente incorporarse ou permanecer nos Colexios con carácter voluntario os arquitectos que non exerzan a profesión ou que, en razón da súa modalidade de exercicio, se encontraren legalmente dispensados do deber de colexiación, sempre e cando cumplan os requisitos que se establezan. Con este fin, o COAG establece as seguintes **cotas voluntarias** de colexiación con importe inferior ao da cota básica:

- **Cota voluntaria funcionarios/asalariados públicos con dedicación exclusiva.**
Poden subscribir esta cota os/as colexiados/as que exerzan como Arquitectos funcionarios ou persoal laboral fixo con dedicación exclusiva ao servizo das Administracións Públicas, Entes e Empresas Públicas, sempre que cumpran os requisitos establecidos e aporten a correspondente documentación acreditativa.
- **Cota voluntaria xubilados/as sen actividade profesional**
Poden subscribir esta cota os/as colexiados/as que non exerzan a actividade por conta propia, e que se atopen en situación de xubilación ou prexubilación, incapacidade total, absoluta ou gran invalidez para o exercicio da profesión, poderán solicitar dita cota voluntaria sempre que cumpran os requisitos establecidos e aporten a correspondente documentación acreditativa.

COTAS BONIFICADAS

O COAG tamén establece bonificacións na cota básica para favorecer á incorporación ao COAG daqueles arquitectos no primeiro ano de exercicio profesional ou que se atopen en situación de desemprego, sempre e cando cumplan os requisitos que se establezan.

1. Bonificación primeiro ano de colexiación

Son beneficiarios/as desta bonificación, as persoas que obtiveran título habilitante para exercer a arquitectura en España, sexa español ou estranxeiro, que non estiveran colexiados con anterioridade en ningún Colexio de Arquitectos de España, e que soliciten e obteñan a colexiación no COAG individualmente.

2. Bonificación Desempregados/as.

Os/As colexiados/as que se atopen en situación de desemprego, que non exerzan a profesión por conta propia ou allea, sempre que cumpran os requisitos establecidos e aporten a correspondente documentación acreditativa, terán dereito a unha bonificación na cota.

3. Colexiados de honra.

Conforme ao acordado pola [Xunta Xeral ordinaria de 18 de decembro de 2014](#), aqueles colexiados que leven máis de cincuenta anos colexiados no COAG terán dereito a unha exención da totalidade da cota de colexiación (cota básica e servizos voluntarios). Esta exención aplicarase automaticamente polo Colexio aos colexiados que se atopen na situación descrita, no exercicio seguinte ao exercicio no que cumpran os cincuenta anos de colexiación no COAG.

Os requisitos e condicións para aplicar as cotas voluntaria e as bonificacións regularanse conforme ao disposto nos [Criterios de aplicación das bonificacións nas cotas colexiais e das cotas voluntarias](#) (aprobado pola Xunta de Goberno)

COTAS DE AGRUPACIÓNS INTEGRADAS NO COAG

Cota da Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses.

O art. 51 dos Estatutos colexiais establece que se poderán formar agrupacións de arquitectos vinculadas ao COAG que reúnan colectivos de colexiados por razón de formas de exercicio ou de especialidades profesionais, sempre que sexa necesario para unha mellor defensa e representación dos intereses destes colectivos.

Conforme a o anterior, xorde no seo do COAG a Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses, que agrupa a colexiados do COAG especializados ou que pretenden especializarse na realización de informes periciais ou forenses, co fin de potenciar a súa preparación e dotarlles dunha estrutura asociativa para a defensa dos seus intereses específicos

Son fins da Agrupación:

- a) A preparación e perfeccionamento dos coñecementos dos membros da Agrupación no ámbito do seu labor específico.
- b) A difusión entre todos os colexiados do Colexio de Arquitectos, polo menos con periodicidade anual, mediante a comunicación verbal e/ou escrita das experiencias e recomendacións obtidas das actuacións periciais a fin de permitir o mellor exercicio profesional.
- c) A atención dos encargos que, no ámbito da súa actuación, foren encomendados pola xunta de Goberno do Colexio de Arquitectos.
- d) O fomento das relacións institucionais e persoais dos membros da Agrupación coas correspondentes profesións e institucións afectas o ámbito xurisdiccional, administrativo e académico.

O art. 9 do Regulamento da AAPF indica que unha das fontes de ingreso da Agrupación consisten fundamentalmente nas cotas anais de permanencia dos membros. Dita cota destínase:

- Ao mantemento do funcionamento da agrupación.
- Á defensa dos intereses dos seus agrupados.
- Permite o acceso en condicións especiais o programa de formación da agrupación.
- Asesoramento os seus asociados
- Permite o acceso gratuíto a xurisprudencia e lexislación.

RELACIÓN DAS DEFINIÇÕES E DESCRICIÓNS DOS SERVIZOS COLEXIAIS VOLUNTARIOS

Non será posible a subscrición dos servizos voluntarios que se recollen a continuación, no caso de que non se contemplen na relación de cotas e servizos voluntarios en vigor.

I. DESCRICIÓN.

O COAG ofrece unha serie de servizos, de subscrición voluntaria exclusivamente por colexiados persoas físicas (as sociedades profesionais só poden subscribir o servizo de Correo electrónico), complementarios á cota básica colexial, que se clasifican en grupos segundo estean directamente relacionados cos colexiados durante o exercicio da profesión ou supoñan un apoio para o desenvolvemento profesional dos arquitectos. Estes servizos comprenden as seguintes modalidades:

OFERTA DE SERVIZOS AOS ARQUITECTOS COLEXIADOS

- SERVIZOS DE APOIO O DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL. (S.1)
- SERVIZOS DE ASESORAMENTO. (S.2)
- SERVIZOS DE UTILIDADES TÉCNICAS (S.3.1)
- CORREO ELECTRÓNICO (S.3.2)

Os arquitectos colexiados noutros Colexio de Arquitectos de España, tamén poderán subscribir, as seguintes modalidades de servizos voluntarios:

- SERVIZOS DE APOIO O DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL. (S.1)
- SERVIZOS DE ASESORAMENTO. (S.2)
- SERVIZOS DE UTILIDADES TÉCNICAS (S.3.1)

Os importes da subscrición dos servizos serán os mesmos que os establecidos para os colexiados no COAG.

A continuación procedese a relacionar as definicións e alcance dos servizos colexiais de subscrición voluntaria:

II. SERVIZOS DE APOIO O DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL. (S.1)






Estes servizos teñen como obxectivo principal acompañar ao arquitecto nesta actualización permanente, asesorándoo a través dos distintos medios sinalados a continuación.







As actividades e os servizos comúns de carácter voluntario inclúense dentro deste bloque ou paquete, son formativas, culturais e outras análogas que, sen estar directamente relacionadas co exercicio, o profesional e o seu tratamento colexial son de interese para os arquitectos e outros colectivos relacionados con este campo.

En particular contemplan:

- Servizo de Formación
- Servizo de Concursos
- Servizo de Biblioteca
- Resumo de Prensa

SERVIZO DE FORMACIÓN. MODALIDADES FORMATIVAS

	Modalidad  	Duración preferente	Certificación 	Evaluación del aprovechamiento	Actividades y recursos 	Precio máximo
 CURSOS	on line, salvo que incluyan contenidos cuyo desarrollo óptimo sea presencial (visitas o obras, etc.)	20 horas [2]	aprovechamiento y/o asistencia [1]	mediante test de evaluación, ejercicio práctico, talleres u otros mecanismos que se establezcan	exclusivamente para alumnos <ul style="list-style-type: none"> › Grabación de seminarios › Documentación sobre los contenidos del curso › Foros con intervención de ponentes › Tests de autoevaluación › — 	3 euros/hora [2]
JORNADAS DE ASESORAMIENTO	on line	inferior a 3 horas	no se emite certificación	no	Participación en directo (interacción con ponente) + acceso a la grabación	gratuito

 Certificado aprovechamiento |  Modalidad on line |  Modalidad presencial |  Modalidad semipresencial |  Apoyo plataforma formación on-line |  Celebración|ubicación| según preinscripción |

- [1] en la información de cada curso se especificará el tipo de certificación o certificaciones a emitir.
 [2] precio máximo de referencia para actividades on line colegiados suscritos al servicio de formación.

VANTAXES DA SUBSCRICIÓN AO SERVIZO DE FORMACIÓN

formación ✓	DESCUENTOS	50 % sobre el importe de la matrícula ordinaria		
	SERVICIOS EXCLUSIVOS	<p>INSCRIPCIÓN PREFERENTE</p> <p>ACCESO EXCLUSIVO A JORNADAS DE ASESORAMIENTO</p>	<p>Los colegiados suscritos al servicio de formación dispondrán de un plazo de matrícula anticipada y preferente, previo a la apertura del plazo ordinario de matrícula.</p> <p>Jornadas formativas de contenido técnico de duración menor de 3 horas.</p>	<p>En todos los cursos</p> <p>Mínimo de 5 [una por cada línea temática]</p> <p>A la participación en directo (interacción componente) + acceso grabación</p>
			descripción	¿cuántos?
				¿a qué da derecho?

VANTAXES DA SUBSCRICIÓN O SERVIZO DE FORMACIÓN:

- 50% DE BONIFICACIÓN mínima sobre o importe de matrícula ordinaria en CURSOS PROPIOS
- Xornadas de asesoramento gratuítas e exclusivas para subscritos: Participación en directo e acceso ás grabacións en alomenos 5 xornadas de asesoramento ao ano, que se organizarán en exclusiva para os colexiados subscritos ao servizo. Esta xornadas desenvolverán os aspectos máis relevantes e as novidades que, dende o punto de vista práctico, supoñen para o exercicio profesional do arquitecto.
- Inscripción preferente en cursos. Información e prazo de matriculación previo para subscritos, de maneira que sempre terían acceso preferente ás prazas dispoñibles.

SERVIZO DE CONCURSOS

A subscrición a este servizo permite:

- A obtención de información sobre as convocatorias de alcance internacional, nacional e rexional, así como o acceso á información sobre procedementos de contratación de entidades públicas, así como concursos e premios convocados por entidades privadas a través da plataforma web de concursos do CSCAE.
- Asesoramento técnico e xurídico ao arquitecto nesta materia a través da plataforma de consultas telemáticas.

BIBLIOTECA

A Biblioteca do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia é unha biblioteca especializada en arquitectura, construción, urbanismo, paisaxismo e deseño. Os seus fondos conteñen máis de 11.000 volumes, revistas e material audiovisual. Actualmente está emprazada nas oficinas da Delegación en Lugo do COAG.

A súa misión consiste no depósito, conservación, ampliación, actualización e difusión dos seus fondos, proporcionando ós usuarios os instrumentos de referencia necesarios para o seu coñecemento e emprego.

O préstamo de publicacións está restrinxido aos arquitectos colexiados en Galicia que subscribisen o servizo colexial de Biblioteca, conforme ás normas de préstamo establecidas.

Os colexiados que teñan subscrito o servizo de Biblioteca que soliciten material da mesma en empréstito, poderán solicitar o envío por valixa a calquera delegación colexial. A devolución do material prestado realizarase polo mesmo sistema. Os envíos entre delegacións serán gratuítos.

RESUMO DE PRENSA

Inclúe información sobre publicacións diarias en diferentes medios que son de interese para a profesión. Ademais da clasificación temporal, a información tamén está estruturada e clasificada de forma temática e de acordo co ámbito profesional.

Outras vantaxes:

- Resúmen diario, dispoñible desde o inicio da mañá na web colexial e remitido por correo electrónico de luns a venres
- Local, rexional e nacional
- Acceso en liña
- Hemeroteca: acceso ao historial de novas (novo)
- Busca por palabra, clave ou data de noticias

III. SERVIZOS DE ASESORAMENTO. (S.2)

Contempla este conxunto os seguintes aspectos

- Asesoramento edificación
- Asesoramento urbanístico
- Asesoramente Xurídico.

ASESORAMENTO EDIFICACIÓN

Asesoramento técnico dado por arquitectos para a elaboración da documentación requirida nos traballos propios do exercicio profesional da arquitectura no que atinxe á construción e os seus usos, considerando a aplicación práctica da normativa xeral de edificación e da sectorial e local de usos e actividades.

Desde o encargo inicial, os estudos previos e en cada unha das fases do traballo xorden diferentes cuestións ás que o proxectista debe dar resposta. En función dos diferentes tipos de encargos: proxectos de obras de construción, de demolición, legalizacións, informes, certificados, etc. as circunstancias do traballo para realizar varían.

Á súa vez, en función do tipo de obra (de reforma, rehabilitación ou obra nova) e do uso que se vaia a dar á edificación ou da actividade que se vaia a desenvolverno establecemento, varía tamén a normativa de aplicación e as esixencias documentais.

Este servizo está enfocado ao asesoramento dos colexiados sobre cuestións relativas ao ámbito da edificación nos seus traballos profesionais, para o cal establece unha modalidade específica de consulta na plataforma de consultas colexiais, na que se atenderán as cuestións de este tipo realizadas polos subscritores do servizo.

ASESORAMENTO URBANÍSTICO

Asesoramento técnico dado por arquitectos para a elaboración e tramitación administrativa básica da documentación requirida nos traballos propios do exercicio profesional da arquitectura no que atinxe ó territorio, valoracións e propiedade, considerando a aplicación práctica da normativa xeral e sectorial sobre patrimonio, territorio, urbanismo, rehabilitación e a local de tramitación.

Este servizo está enfocado ao asesoramento dos arquitectos nos traballos profesionais vinculados ao plan urbanístico, desde aspectos relativos á normativa vixente nesta materia ata cuestións relacionadas coa estrutura e contido documental dos diferentes traballos.

O asesoramento consiste na resolución de consultas técnicas particulares nesta materia, para o que se establece unha modalidade específica de consulta na plataforma telemática de consultas do portal corporativo colexial. Do mesmo xeito que no asesoramento en edificación, esta plataforma permite unha resolución máis áxil e unha resposta máis concreta ao poder enviar arquivos adxuntos na consulta e na resposta.

ASESORAMENTO XURÍDICO

Servizos e vantaxes:

O servizo de asesoramento xurídico consiste na formulación de consultas en modalidade *online* relacionadas con diversos aspectos relacionados co exercicio da profesión, tales como:

- responsabilidades profesionais
- obrigas legais
- competencias profesionais
- cuestións de responsabilidade legal e contractual
- relacións contractuais
- procedementos administrativos de tramitación dos traballos dos Arquitectos

Tamén inclúe un repositorio de notas xurídicas sobre asuntos recorrentes, que se irá xenerando coa finalidade de ofrecer unha referencia xenérica sobre a regulación de asuntos máis comúns relacionados coa profesión (propiedade intelectual, responsabilidade civil, silencio administrativo nas licencias ...)

Servizos non incluídos

- A redacción de contratos específicos entre o Arquitecto e un eventual cliente, consultas do promotor, a redacción de recursos específicos, a asistencia letrada en xuízos ou procedementos de reclamación extraxudicial, lexislación fora do ámbito do exercicio profesional, asesoramento fiscal, asesoramento laboral.

IV. SERVIZOS DE UTILIDADES TÉCNICAS. (S.3.1)

Estes servizos abranguen o acceso o servizo de normativa e o de redacción de traballos.

- SERVIZOS DE NORMATIVA
- UTILIDADES DE REDACCIÓN DE TRABALLOS

SERVIZO DE NORMATIVA

O COAG ten por ofrecer o servizo de normativa do seguinte xeito:

- Acceso web ás normas técnicas actualizadas.

- Acceso a consulta de Normas UNE
- Inclúe regulamentos técnicos de alcance rexional e estatal.
- Inclúe a normativa específica para as distintas actividades dos establecementos.
- Inclúe a regulación xeral de cada un dos requisitos básicos da edificación.
- Inclúe a normativa xeral de cada un dos requisitos básicos da edificación.
- Facilitar a consulta temática, por data de publicación e entrada en vigor ou derogación.
- Ademais da normativa vixente, tamén permite consultar as normas en curso (borradores ou proxectos).
- Inclúense informes técnicos sobre criterios de aplicación ademais dos textos oficiais das normas.
- Envío dun boletín informativo sobre as novidades sobre regulamentos técnicos.

UTILIDADES DE REDACCIÓN DE TRABALLOS

Dentro deste servizo os colexiados atopan medios para desenvolver a súa actividade con documentos e ferramentas coa correspondente garantía.

Así temos:

- Acceso a servizos que complementan o asesoramento técnico, axudando a actualizar a estrutura, o contido e as normas de aplicación nas obras profesionais.
- Estruturación segundo o tipo de traballo profesional: construción, planificación urbana e outros traballos profesionais.
- Acceso á "Guía para escribir documentación técnica de traballos profesionais"
- Acceso a modelos e modelos de documentos.
- Acceso a ferramentas informáticas.
- Acceso a notas e informes técnicos.
- Acceso á información sobre a inspección técnica dos edificios en Galicia.

V. CORREO ELECTRÓNICO. (S.3.2)

O COAG pon ao dispor dos seus colexiados/usuarios un servizo de correo electrónico profesional e outras aplicacións baixo o dominio @coag.es, baseado na tecnoloxía de "Google Workspace Business Starter".

As principais características deste servizo son:

- **Enderezo electrónico para o arquitecto/estudo co dominio corporativo @coag.es**

- A conta proporciónase a través do **servizo orientado a profesionais de Google**, incorporando así algúns dos mecanismos tecnolóxicos máis avanzados en termos de privacidade no acceso á conta, control do "correo lixo" ou *spam*, axilidade, velocidade de procuras ou acceso desde dispositivos móbiles; ademais de algunhas condicións de seguridade e dispoñibilidade orientadas "ás empresas", con garantías do 99,99%.
- Acceso a aplicacións de Google Workspace, como Google Drive (almacenamento e copia de seguridade na nube, xeneración de unidades compartidas en liña), videoconferencia, calendarios intelixentes... con **funcionalidades melloradas. Por exemplo, no caso das videoconferencias: gravación automática, cancelación de ruído avanzada, organización de sesións,...**
- **Maior volume de almacenamento, cun espazo total dispoñible de 200 GB**, con posibilidade de ampliación.
- Inclúe **soporte de primeira liña** proporcionado polo persoal do COAG (configuración, uso, ...). Este soporte é especialmente importante en caso de perda de acceso á conta (contrasinal esquecido, bloqueos, mal funcionamento ...) ou o roubo de contrasinal por parte de terceiros (virus, páxinas fraudulentas - "pishing" -, ...).
- **Desde 2023, o servizo incluírá o acceso a seminarios online en vídeo, elaborados polo COAG e dirixidos especificamente aos estudos**, en relación coas prácticas de seguridade e a descrición das distintas aplicacións dispoñibles baixo @coag.es.

Pódense consultar as [condicións de uso do servizo en liña](#).

OUTROS SERVIZOS COLEXIAIS:

Neste apartado, recóllense outros servizos ofrecidos polo COAG, non incluídos na COTA BÁSICA ou nos PAQUETES DE SERVIZOS.

Trátase de servizos que poden ser requiridos tanto polos colexiados como por particulares, con carácter esporádico.

A continuación, indícase unha relación dos servizos incluídos neste apartado, a descrición e condicións dos mesmos, así como o importe que implicarían cada un deles (Importes aos que hai que engadir IVE).

1| EMISIÓN DE CERTIFICADOS

A emisión de calquera certificación sobre datos obrantes no COAG que non se obteña directamente a través da web colexial terá os seguintes custos:

- En formato dixital:
 - Colexiados: 15 €
 - Administracións Públicas e calquera terceiro: 30 €
- En formato papel:
 - Colexiados: 30 €

- Administracións Públicas e calquera terceiro: 60 €

Non se aplicarán estes importes nos seguintes supostos:

- Certificados a emitir a relatores en actividades formativas do COAG.
- Solicitudes de colexiados para a emisión de certificados correspondentes a actividades formativas organizadas polo COAG en colaboración con AAPP ou actividades formativas colexiais organizadas con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2009.
- Certificados a emitir a ex-colexiados cando o soliciten para solicitar a alta noutro Colexio de Arquitectos de España.
- Certificados emitidos en virtude de solicitudes de acceso a información sobre expedientes colexiais tramitados conforme ao previsto na normativa de Transparencia.

2| ACCESO A DOCUMENTACIÓN ARQUIVADA

2.1 Consulta de documentación de arquivo tramitada

A través de este trámite se permite a consulta de documentación correspondente a traballos profesionais tramitados no Colexio de Arquitectos. O trámite terá os seguintes custos:

- Colexiados, promotores ou calquera outro terceiro, sempre e cando a solicitude veña amparada pola normativa de Transparencia: 0 €
- Administracións Públicas: 50 €

2.2 Copia De documentación tramitada

A través deste trámite permítese a obtención de copias de documentación correspondentes a traballos profesionais tramitados no Colexio de Arquitectos. O trámite terá os seguintes custos:

- Colexiados, promotores ou calquera outro terceiro, sempre e cando a solicitude veña amparada pola normativa de Transparencia: 0 + custo das copias
- Administración públicas: 50 € + custo das copias

Custo das copias:

- Menos de 10 copias: A4 B/N 0,15 €/copia A3 B/N 0,30€/copia
- Menos de 10 copias: A4 Color 0,30€/copia A3 Color 0,45€/copia
- Máis de 10 copias (A3 ó A4): faranse en copistería e cobrarase o custo correspondente
- Planos: faranse en copistería e cobrarase o custo correspondente.

3| XESTIÓN DE COBRO

O artigo 6 dos Estatutos establece que, para a consecución dos seus fins, o COAG exercerá no seu ámbito territorial as funcións que a lexislación asigna aos colexios profesionais e, en particular e entre outras, a de “Xestionar o cobramento dos honorarios profesionais, por solicitude dos colexiados e coas condicións que se determinen nas normas que rexan este servizo”.

Conforme ao devandito acordo, o servizo de xestión de cobro prestarase nas seguintes condicións:

1. Obxecto: o servizo consistirá no envío dun mínimo dun aviso e dun máximo de tres aos clientes, por medio que deixe constancia fidedigna, solicitando o aporte dos honorarios correspondentes ao Colexio. Este servizo prestaríase de forma independente ao de tramitación de traballos profesionais. En caso de cobro, o Colexio procederá a ingresar o importe correspondente na conta bancaria que indique o colexiado.
2. Requisitos:
 - a. Estar colexiado e ao corrente das súas obrigas colexiais.
 - b. Solicitar a xestión de cobro en relación exclusivamente en relación aos honorarios correspondentes a traballos con documentación profesional tramitada no COAG (visado ou rexistro).
3. Prezo do servizo:
 - a. Prezo por xestión de cobro (Inclúe un único aviso ó encargante).....60 €
 - b. Prezo por cada aviso ó encargante (a partir do segundo, ata un máximo de tres en total).....15 €Ambos conceptos cobraranse ó contado con anterioridade á prestación do servizo.
4. Solicitude. A solicitude realizarase no apartado correspondente do panel de servizos colexiais, indicando os datos que procedan no formulario correspondente.

4| SERVIZO DE ENVÍO DE COMUNICACIÓNS AO PROMOTOR DO CESAMENTOS DUN COLEXIADO/A EN TRABALLOS PROFESIONAIS.

Cando o Colexio reciba a comunicación relativa ao cesamento no encargo da dirección dunha obra en curso de execución, realizada por un colexiado conforme ao procedemento de tramitación establecido, o Colexio realizará unha comunicación ao promotor, facendo constar que o director de obra cesou nas súas funcións, por producirse o cesamento do arquitecto que levaba a dirección da obra, o que se comunica para os efectos legais oportunos. Dita comunicación, realizarase por correo postal ou electrónico certificado, nas seguintes condicións:

- A. 1º envío gratuíto.
- B. En caso de que o primeiro envío resulte infrutuoso, se o colexiado cesante solicita expresamente que se realice un segundo segundo ou sucesivos envíos, estes realizaranse nas seguintes condicións:
 - a. Correo certificado Postal:
 - b. Requirirá que o colexiado cesante actualice a dirección de envío do promotor.
 - c. A xestión terá un prezo de 5 euros máis IVE.
- C. Correo certificado electrónico:

- a. Requirirá que o colexiado cesante indique unha dirección de correo electrónico de contacto do promotor.
- b. A xestión terá un prezo de 2 euros máis IVE.

Indícase que en ningún caso, as comunicacións que realice o Colexio exoneran ao colexiado cesante de realizar as comunicacións que, no su caso, deba realizar por si mesmo a efectos contractuais.